

Resolución do 26 de decembro de 2005 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba a nova regulamentación das bases reguladoras de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise.

O Consello de Dirección do Igape na súa reunión, celebrada o día 29 de novembro de 2005, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación da nova regulamentación das bases reguladoras de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Publicar a nova regulamentación das bases reguladoras da concesión polo Igape de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise, que figuran como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2005.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

ANEXO

Bases reguladoras da concesión polo Igape de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise.

Coa promulgación destas novas bases, o Igape pretende adaptar o seu contido ás vixentes directrices comunitarias sobre esta materia, publicadas no *Diario Oficial da Unión Europea* (DOC 2004/C 244/02), introducindo algúns cambios e aclaracións motivados por diversos factores, en base na experiencia acadada coa tramitación de axudas ao abeiro da anterior normativa.

A desaparición das empresas ineficaces constitúe un aspecto normal do funcionamento do mercado. Non se xustifica manter artificialmente en activo unha empresa dun sector con exceso de capacidade estrutural a longo prazo cando só pode sobrevivir con reiteradas intervencións públicas. O salvamento con axudas públicas dunha empresa en crise non pode ser a norma.

Non obstante, poderanse conceder axudas públicas de salvamento e reestruturación de empresas en crise soamente en determinadas circunstancias, ao abeiro de consideracións sociais ou rexionais, tendo en con-

ta a función benéfica que desempeñan as Pemes na economía.

Base 1ª.-Obxectivos.

Estas bases diríxense a favorecer a volta á viabilidade técnica e económica das empresas galegas que se atopen nunha situación de crise, mediante a concesión de axudas de salvamento e/ou de reestruturación.

Base 2ª.-Requisitos dos beneficiarios.

2.1. Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nestas bases, as empresas galegas que, atopándose en situación de dificultade e sendo incapaces de reestruturarse cos seus propios recursos ou con fondos obtidos dos seus accionistas ou acredores, pretendan acometer un plan de reestruturación que asegure a súa viabilidade futura.

Entenderase por empresa galega aquela que teña situada a sede efectiva da súa actividade ou algún centro de traballo principal na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.2. Para estes efectos, considerarase empresa en dificultades aquela que cumpra polo menos un dos seguintes requisitos:

a) Tratándose dunha sociedade que os seus socios teñan unha responsabilidade limitada, que teña desaparecido máis da metade do seu capital subscrito e se teña perdido máis dunha cuarta parte deste nos últimos doce meses.

b) Tratándose dunha sociedade de responsabilidade ilimitada, que teñan desaparecido máis da metade dos seus fondos propios, de acordo coa súa contabilidade, e que se teña perdido máis dunha cuarta parte destes nos últimos doce meses.

c) Para todas as formas de empresa, que reúna as condicións establecidas no ordenamento xurídico para someterse a un procedemento concursal.

d) Cando non se presenten ningunha das circunstancias sinaladas nos puntos anteriores poderase considerar que unha empresa está en crise cando estean presentes os síntomas habituais de crise, como o nivel crecente de perdas, a diminución do volume de negocios, o incremento das existencias, o exceso de capacidade, a diminución da marxe bruta de autofinanciamento, o endebedamento crecente, o aumento dos gastos financeiros e o debilitamento ou desaparición do seu activo neto.

2.3. Con carácter xeral, as empresas beneficiarias deberán ter a condición de PEME segundo a defi-

nición comunitaria recollida no anexo III a estas bases.

2.4. As pequenas e medianas empresas integradas nun grupo de empresas poderán ser beneficiarias das axudas, sempre que se acredite que as dificultades polas que atravesara a peme sonlle propias e non a resultas da asignación arbitraria de custos dentro do grupo, así como demasiado complexas para ser resoltas polo propio grupo.

2.5. Tamén poderán ser beneficiarias, as persoas físicas que teñan a condición de socio actual ou futuro e pretendan tomar ou ampliar a súa participación no capital social da empresa en reestruturación.

2.6. Non poderán acollerse ás axudas reguladas nestas bases, as empresas de nova creación, nin as que xurdan da liquidación ou da absorción de activos doutra empresa distinta. Considerarase que unha empresa é de nova creación durante os tres primeiros anos seguintes ao inicio das súas operacións no correspondente sector de actividade.

2.7. No caso de que a empresa beneficiaria non teña a consideración de PEME e/ou no suposto recollido na base 2.2.d), a concesión da axuda deberá contar coa autorización individual da Comisión Europea.

Base 3ª.-Actividades subvencionables.

3.1. Con carácter xeral, e sen prexuízo das especificacións que se establezan para determinadas actuacións, serán subvencionables ao abeiro destas bases as actividades económicas seguintes, excluíndose os sectores do carbón e da siderurxia:

a) A extracción, procesamento, transformación ou comercialización das producións agrícolas, pesqueiras, gandeiras e forestais.

b) A extracción, procesamento, transformación, produción ou comercialización de minerais, produtos enerxéticos e os seus derivados.

c) A industria manufactureira, o comercio, o turismo, a construción, a artesanía ou os servizos.

d) A creación de redes de abastecemento, transporte, distribución e comercialización.

e) As actividades de electrónica, biotecnoloxía, robótica, audiovisual, telemática, telecomunicación, e calquera outra de avanzada tecnoloxía, así como os procesos de creación intelectual propios das ditas actividades.

f) A fabricación ou comercialización de bens de equipo ou unidades produtivas relacionadas con calquera das actividades sinaladas anteriormente.

3.2. Naquelas actividades que se atopen comprendidas dentro dos sectores regulados por normas específicas da Unión Europea sobre axudas estatais, o previsto nestas bases axustarase en cada caso as ditas normas específicas.

3.3. Cando o beneficiario opere nun mercado que padece un exceso de capacidade estrutural, segundo se define no contexto das directrices comunitarias

multisectoriais sobre axudas rexionais a grandes proxectos de investimento, a concesión da axuda deberá contar coa autorización individual da Comisión Europea.

Base 4ª.-Tipos de apoio.

4.1. As axudas de salvamento coas condicións que se establecen nestas bases, poderán consistir na concesión de garantías sobre préstamos ou créditos a curto prazo, que sexan necesarios para o mantemento operativo da actividade da empresa e para financiar medidas estruturais urxentes que deban aplicarse inmediatamente para deter ou reducir a deterioración da situación, en tanto se elabora o seu plan de reestruturación.

4.2. As axudas de reestruturación baseadas no plan de reestruturación poderán consistir en:

a) Garantías sobre préstamos ou créditos.

b) Subvencións a fondo perdido dos gastos financeiros de préstamos destinados á reestruturación de pasivos e/ou á ampliación de capital que sexan necesarios con base no citado plan de reestruturación.

c) Subvencións a fondo perdido dos gastos de consultoría ou contratación dunha xerencia profesionalizada, que sexan necesarios para o desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar a súa capacidade competitiva e cando así estivesen recollidos no plan de reestruturación.

d) Subvención a fondo perdido dos custos externos de elaboración do plan de reestruturación de empresas en crise acollidas a estas bases, cando se comprobe que a empresa non está en condicións de soportar os ditos custos.

4.3. As axudas que se concedan ao abeiro destas bases, estarán supeditadas ao establecido na normativa comunitaria, especialmente nas directrices sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (Comunicación 2004/C 244/02).

Axudas de salvamento

Base 5ª.-Axudas de salvamento.

5.1. Cando, por motivos sociais graves, se xustifique o nivel de risco que se asume, o Igape poderá conceder garantías en cobertura de operacións de crédito ou préstamo nas condicións establecidas no Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape e do Decreto 132/1995, do 10 de maio, que modifica o anterior. O destino do préstamo ou crédito será o financiamento dos gastos de funcionamento e o seu importe restrinxirase ao estritamente necesario para manter a empresa en funcionamento ata a presentación dun plan de reestruturación ou de liquidación desta, podendo financiarse medidas estruturais urxentes que deban aplicarse inmediatamente para deter ou reducir a deterioración da situación. Non poderá concederse unha axuda de salvamento para reestruturacións financeiras. O prazo de amortización dos préstamos garantidos non poderá superar 6 meses desde a primeira

disposición e quedará supeditado ás condicións específicas que se establezan no acordo de concesión.

5.2. A vixencia das axudas de salvamento non poderá superar os seis meses desde a primeira disposición do préstamo avalado. O acordo de concesión establecerá un prazo, inferior á vixencia da garantía, no que a beneficiaria deberá analizar a súa situación e presentar ao Igape un plan de reestruturación co contido establecido na base 6ª ou de liquidación da empresa.

5.3. Non se poderán conceder repetidas axudas de salvamento.

5.4. En caso de que non se presente o plan de reestruturación nos prazos e condicións establecidos na base 5.2, procederase á cancelación das garantías que o Igape tivese prestado, e a beneficiaria deberá reintegrar o importe correspondente á prima de risco.

5.5. Toda axuda de salvamento que se conceda por un período superior a seis meses ou que non sexa reembolsada unha vez transcorridos seis meses deberá ser notificada individualmente á Comisión Europea.

Axudas de reestruturación

Base 6ª.-Axudas de reestruturación.

6.1. Estas axudas teñen por obxecto restablecer a viabilidade a longo prazo da empresa con base nun plan de reestruturación elaborado para tal efecto, que teña en conta as circunstancias determinantes das dificultades e que propoña aquelas medidas que permitan á empresa garantir a súa viabilidade futura. O dito plan, que deberá presentarse seguindo o modelo I establecido no anexo II, modelo 4 a estas bases, deberá recoller a reorganización e racionalización das actividades deficitarias da empresa para facelas máis rendibles, intentar a súa diversificación e encarar a reestruturación financeira da empresa mediante achegas ao capital ou amortizacións de débeda, e deberá recoller as seguintes condicións:

a) Deberá ser un programa viable de reestruturación, que incida nas medidas internas que vaia aplicar a empresa, que teña en conta as circunstancias que xeraron as dificultades, e propoña as medidas que permitan a empresa cubrir todos os seus custos, incluídas amortizacións e cargas financeiras.

b) Durante a execución do plan de reestruturación, a empresa non poderá incrementar a súa capacidade de produción.

c) Deberá prever unha contribución importante do beneficiario ao financiamento co seus propios recursos ás medidas de reestruturación propostas, incluída a venda de activos non produtivos ou financiamento externo en condicións de mercado.

En ningún caso o plan de reestruturación poderá limitarse exclusivamente a unha reestruturación financeira, ou unha intervención destinada a cubrir as perdas anteriores sen abordar as causas que as orixinan.

6.2. Será requisito indispensable para a concesión de axudas de reestruturación a validación polo Igape do plan de reestruturación presentado pola empresa. O plan de reestruturación aprobado será comunicado á Comisión Europea.

6.3. O importe das axudas de reestruturación restrinxirase ao estritamente necesario para permitir a reestruturación en función das disponibilidades financeiras da empresa.

6.4. As axudas de reestruturación concederanse unha soa vez. As excepcións motivadas en circunstancias excepcionais, imprevisibles e non imputables ao beneficiario, así como os casos de absorción dos activos doutra empresa que recibise unha axuda de salvamento ou reestruturación, deberán ser previamente autorizadas pola Comisión Europea.

Base 7ª.-Modalidades de axudas de reestruturación.

As axudas de reestruturación que en todos os casos estarán condicionadas ao contido do plan de reestruturación poderán consistir en:

7.1. Garantías sobre préstamos: o Igape poderá conceder garantías en cobertura de operacións de crédito ou préstamo nas condicións establecidas no Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape e do Decreto 132/1995, do 10 de maio, que modifica o anterior. O importe máximo de cobertura do aval do Igape con carácter xeral non excederá 70% do importe do préstamo garantido, e quedará sometido ás condicións establecidas no acordo de concesión.

7.2. Dentro dos límites da base 17ª, poderase conceder as seguintes subvencións:

7.2.1. Subvencións a fondo perdido dos gastos financeiros seguintes:

a) Préstamos a longo prazo destinados á reestruturación de pasivos. A contía da operación financeira subsidiable determinarase en función das previsións de tesouraría.

b) Préstamos a longo prazo concertados por persoas físicas ou xurídicas destinados á ampliación de capital das sociedades en crise. En ningún caso estas axudas excederán os límites cuantitativos establecidos no Regulamento (CE) núm. 69/2001 da Comisión da Unión Europea do 12 de xaneiro de 2001 relativo ás axudas de *mínimis*.

Computaranse os gastos financeiros que se deven-guen durante os 5 primeiros anos de vixencia das operacións de préstamo. Para o cálculo dos ditos gastos financeiros haberá que aterse ás condicións que se establezan na póliza ou contrato e para o cálculo do tipo de xuro, ao que sexa aplicable no momento da disposición da operación financeira correspondente, sempre que este se poida entender axustado a condicións de mercado. O importe da subvención destinarase á amortización do préstamo.

7.2.2. Subvencións a fondo perdido sobre os gastos de consultoría e/ou de contratación dunha xerencia

profesionalizada polo tempo estritamente necesario para abordar o plan de reestruturación e ata un máximo de 2 anos, sempre e cando do plan de reestruturación se desprenda a necesidade de acometer actuacións concretas dirixidas a restablecer a súa capacidade competitiva.

7.2.3. Subvención a fondo perdido dos custos externos de elaboración do plan de reestruturación de empresas en crise acollidas a estas bases, cando se comprobe que a empresa non está en condicións de soportar os ditos custos. En ningún caso estas axudas excederán os límites cuantitativos establecidos no Regulamento (CE) número 69/2001 da Comisión da Unión Europea do 12 de xaneiro de 2001 relativo ás axudas de *mínimis*.

Base 8ª.-Criterios preferentes de concesión.

A contía das axudas de reestruturación avaliarase baixo os seguintes criterios:

- a) Localización da empresa.
- b) Sector de actividade.
- c) Impacto estimado do peche da empresa sobre a actividade económica e o emprego da súa zona de influencia.
- d) Necesidade de apoio para asegurar a súa viabilidade en relación cos recursos propios aportados pola solicitante.

Base 9ª.-Tramitación.

9.1. A concesión de garantías seguirá os trámites establecidos no Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape e do Decreto 132/1995, do 10 de maio, que modifica o anterior.

9.2. Para a concesión de subvencións, os interesados deberán presentarlle ao Igape a súa instancia de solicitude, segundo o modelo que figura no anexo I, nas oficinas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ou en calquera das formas previstas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9.3. A solicitude acompañarase da documentación enumerada no anexo II, que deberá presentarse en orixinal ou en copia cotexada ou compulsada, podendo solicitar o Igape en calquera momento durante a tramitación do expediente, calquera outra documentación que considere relevante para os efectos de analizar a solicitude.

9.4. Presentada a solicitude, se esta non reunise os requisitos esixidos nestas bases, requirirase o interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, desde o seguinte á recepción do requirimento, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa indicación de que, en caso contrario, se terá por desistido da súa petición e se ditará a correspondente resolución de arquivo, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e cos efectos previstos no artigo 42.1º da dita lei. Este prazo, cando existan causas xustificadas, poderá ser prorro-

gado de oficio ou por instancia de parte por un período que non exceda a metade do inicial. O requirimento de documentación suspenderá o prazo para resolver.

9.5. Unha vez completas, as solicitudes serán estudadas polos servizos técnicos da Subdirección de Programas de Acceso ao Crédito.

Antes de formularse a proposta definitiva, darase audiencia á empresa e, se é o caso, aos representantes dos traballadores, para que manifesten a súa opinión respecto dos requisitos e condicións que foron considerados necesarios exixir para procurar a viabilidade, e os axustamentos ou adaptacións introducidas nos plans de reestruturación. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

9.6. Unha vez avaliadas as solicitudes, a dirección xeral elevará a proposta da Dirección da Área de Financiamento para a resolución polo Consello de Dirección do Igape no caso das garantías e, nos demais casos, do presidente do Igape nos expedientes con gastos subvencionables superiores a 300.000 euros e importe proposto de subvención superior a 30.000 euros. Os expedientes con gastos subvencionables inferiores a 300.000 euros e importe proposto de subvención inferior a 30.000 euros, serán resoltos pola Dirección Xeral do Igape por proposta da Dirección da Área de Financiamento.

9.7. As axudas de salvamento resolveranse nun prazo de dous meses desde a súa solicitude, descontados os períodos de suspensión na tramitación do expediente. As axudas de reestruturación resolveranse nun prazo máximo de tres meses desde a súa solicitude, descontados os períodos de suspensión na tramitación do expediente, salvo que pola súa complexidade fosen requiridos informes técnicos complementarios, o que será obxecto de comunicación expresa ao beneficiario. Neste último caso o prazo máximo de resolución será de seis meses.

9.8. No caso de subvencións, a resolución de concesión conterà o importe dos gastos subvencionables que se vai xustificar, a contía e porcentaxe da subvención concedida, as condicións e prazos previstos e o prazo de vixencia para o cumprimento das condicións da subvención.

Base 10ª.-Notificación e aceptación.

As resolucións de concesión deberán ser aceptadas por escrito polo beneficiario no prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación. No caso contrario, entenderase que o beneficiario renuncia a ela, ditándose resolución neste sentido. A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nestas bases e demais disposicións que sexan de aplicación.

Base 11ª.-Recursos.

11.1. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nestas bases esgotarán a vía

administrativa, polo que de conformidade co previsto na Lei da xurisdición contencioso-administrativa, contra elas poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da súa notificación.

11.2. Potestativamente, e con anterioridade á interposición do recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á notificación da resolución, un recurso potestativo de reposición que resolverá o Consello de Dirección do Igape.

Base 12ª.-Obrigas dos beneficiarios.

12.1. Os proxectos subvencionados deberán executarse dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución individual de concesión, con cumprimento das condicións e prescricións establecidas na dita resolución, nestas bases ou demais normativa de aplicación. Excepcionalmente, en casos xustificados, os prazos poderán ser prorrogados de oficio ou por instancia do interesado, por un período que non exceda a metade do inicialmente concedido.

12.2. Son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 78.4º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as establecidas no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e en particular:

a) Achegar toda a documentación xustificativa da realización do proxecto nos termos da resolución de concesión.

b) Cumprir as demais condicións establecidas na resolución de concesión.

c) Facilitar as actividades de comprobación que o Igape considere oportuno realizar ao longo do desenvolvemento do proxecto ou en calquera fase do procedemento, que poderán ser exercidas directamente polo Igape ou polas empresas, persoas ou entidades que este designe e presentar nos prazos concedidos para o efecto toda a documentación ou información que lle sexa solicitada en calquera momento polo Igape. Estas actividades de comprobación poderán ser entre outras:

-Visitas ás instalacións nas que se realizou o proxecto.

-Acceso a toda a documentación relacionada co proxecto.

-Acceso aos rexistros internos da empresa, nos que se baseen as xustificacións técnicas e administrativas.

d) Notificar ao Igape calquera acto administrativo recaído en calquera outro expediente de axudas destinado ao financiamento do mesmo proxecto.

12.3. O incumprimento das citadas obrigas poderá dar lugar á revogación da concesión e, se é o caso, ao reintegro do indebidamente percibido e os seus xuros de demora.

Base 13ª.-Incidencias e modificacións do proxecto.

13.1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ou á súa revogación no caso de considerarse que a modificación afecta a un aspecto substancial da concesión.

13.2. Os beneficiarios das subvencións quedan obrigados a comunicar ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente á execución dos fins para os que estas foron concedidas. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para o mesmo proxecto.

13.3. O órgano concedente do Igape poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

13.4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente unha vez instruído o correspondente expediente no que se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figure no procedemento nin se teñan en conta na resolución, outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

13.5. Sen necesidade de instar procedemento de modificación, o Igape poderá aceptar variacións nos diversos capítulos do orzamento aprobado, coa dobre condición de que a oscilación, en máis ou menos, non supere o 20% de cada capítulo e que, no seu conxunto, non varíe o importe total aprobado, nin desvirtúe as características do proxecto e condicións que fosen tidas en conta para resolver a concesión.

Base 14ª.-Xustificación.

14.1. A xustificación ante o Igape da execución das medidas recollidas no plan de reestruturación e do cumprimento de todas as condicións realizarase polo beneficiario como máximo dentro dos dous meses seguintes ao vencemento do prazo de vixencia establecido na resolución de concesión, mediante a presentación da documentación enumerada no anexo IV.

14.2. O pagamento das axudas de salvamento e reestruturación de empresas en crise estará condi-

cionado á plena aplicación do plan de reestruturación aprobado, polo que deberá xustificarse ante o Igape a execución de cada unha das medidas recollidas neste, nos termos e prazos que se establezan na resolución de concesión. O seu incumprimento significará o inicio dun expediente que poderá finalizar coa revogación das axudas.

14.3. No caso de que existan razóns xustificadas para o atraso no cumprimento de condicións, os prazos de execución que se establecesen na resolución de concesión poderán ser prorrogados de oficio ou por instancia do beneficiario mediante resolución expresa e motivada.

14.4. Excepcionalmente, cando a xustificación documental resulte insuficiente para acreditar o importe e a realización de determinados gastos, o Igape poderá solicitar, ademais, que se achegue informe de auditoría independente.

14.5. No caso de axudas en forma de aval e subvención aos gastos financeiros de préstamos, deberán achegarse xustificantes das disposicións da operación de préstamo e da súa efectiva aplicación ás finalidades recollidas na resolución de concesión, nun prazo máximo de catro meses desde a data de disposición, podendo establecerse como condicionante previo a cada disposición individual a obtención da correspondente autorización por parte do Igape. No caso de axudas en forma de aval, o Igape responderá ata a contía máxima establecida, única e exclusivamente, daqueles importes da dita operación da avalada destinada ás finalidades sinaladas.

Base 15ª.-Aboamento das subvencións.

15.1. O aboamento das subvencións realizarase unha vez o Igape considere xustificada a realización total ou parcial do proxecto e o cumprimento das condicións, de acordo coa seguinte regulación:

15.2. Para o cobramento da subvención o beneficiario deberá presentarlle ao Igape unha solicitude de cobramento axustada ao modelo e coa documentación que se xunta como anexo IV, acompañada, se é o caso, do xustificante de constitución da garantía correspondente antes do seu pagamento efectivo.

15.3. Poderase solicitar o cobramento:

a) Da subvención a fondo perdido dos custos externos de elaboración do plan de reestruturación, unha vez que o dito plan sexa validado polo Igape. O dito pagamento efectuarase mediante unha liquidación única, podendo ser aboado directamente polo Igape á persoa ou entidade que elaborase os traballos ou á empresa beneficiaria previa xustificación do pagamento.

b) Dos gastos financeiros de préstamos, unha vez que se acredite a súa formalización e a súa efectiva aplicación ás finalidades recollidas na resolución de concesión. O importe da subvención aboarase mediante unha liquidación única, e deberá destinarse á amortización anticipada do préstamo, debendo xustificarse ao Igape esta aplicación nun prazo máximo de dous meses.

c) Da subvención a fondo perdido dos gastos de consultoría e/ou de contratación dunha xerencia profesionalizada:

c.1) Como liquidación única da subvención. Unha vez finalizado o prazo de vixencia e dentro do prazo máximo de catro meses, deberá acreditarse a execución da totalidade do plan de reestruturación e o cumprimento total de condicións establecidas na resolución de concesión. Así mesmo, poderase efectuar un pagamento único da subvención, dentro do prazo de vixencia, aínda cando quede pendente de acreditar algunha condición, unha vez xustificada a execución da totalidade do plan de reestruturación e o cumprimento daquelas condicións que o seu prazo vencese con anterioridade á presentación da solicitude de cobramento. Neste caso, o cobramento da subvención estará condicionado á previa presentación das oportunas garantías exixidas polo Igape nos termos indicados no punto 15.3.c.2.E) desta base. Antes de rematar o prazo de vixencia, o beneficiario deberá acreditar que foron cumpridas todas as condicións da resolución de concesión, autorizándose, neste momento, o levantamento do aval.

c.2) Mediante liquidacións parciais. Dentro do prazo de vixencia e a medida que se vaia xustificando a realización do gasto subvencionado e o cumprimento de condicións, poderán efectuarse pagamentos parciais a conta da liquidación sempre que concurran os requisitos e circunstancias seguintes:

A) Que o interesado o solicite.

B) Que se xustifiquen non só o gasto incorrido senón os pagamentos efectuados na mesma proporción que represente o pagamento parcial respecto á subvención concedida ata ese momento con cargo ao proxecto de investimento aprobado.

C) O importe que se pode satisfacer por pagamentos parciais non poderá exceder en ningún caso a anualidade prevista para cada exercicio orzamentario de acordo co calendario anexo á resolución de concesión, nin exceder o 80% do total da subvención concedida, nin solicitarse por un importe inferior a 30.000 €.

D) Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva da subvención.

E) Deberase presentar garantía constituída mediante aval solidario de entidade financeira ou outra garantía suficiente, depositada na Caixa Xeral de Depósitos que cubra o importe do pagamento parcial e dos seus xuros calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da súa concesión e polo prazo que medie entre a data de solicitude e, como mínimo, aquela en que se cumpran seis meses do fin do prazo de xustificación previsto na resolución de concesión.

Base 16ª.-Incumprimento.

16.1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá a revogación da axu-

da e, se é o caso, o reintegro total ou parcial da contía percibida e os xuros de demora devengados desde o seu pagamento, nos casos seguintes:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación.
- b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.
- c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.
- d) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da axuda ou subvención pública.

A revogación das axudas consistentes en garantías sobre préstamos, suporá ademais da cancelación dos avais, a obriga de reintegrar o importe correspondente á prima de risco, calculada en función do aforro de gastos financeiros obtidos por desfrutar do aval do Igape.

16.2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións ou doutras entidades públicas, supere o límite establecido na base 17ª.

16.3. O procedemento de incumprimento iniciárase de oficio polo órgano do Igape que ditou a resolución de concesión, ben por iniciativa propia, ou como consecuencia das actuacións de control da Intervención Xeral, por petición razoada doutros órganos que teñan atribuídas facultades de comprobación na materia, ou por denuncia.

16.4. O procedemento iniciárase mediante a comunicación ao beneficiario das presuntas causas determinantes do incumprimento e das súas posibles consecuencias. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións ou achegar documentos e outros elementos de xuízo.

16.5. Incumprimento parcial. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións mínimas exixidas na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance e a obriga, se é o caso, de reintegro do percibido e os seus xuros de demora, de acordo cos seguintes criterios:

- a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos de gasto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables, debendo reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50% do gasto subvencionable ao que se obrigase o beneficiario, entenderase que o dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora. Excepcionalmente, o Consello de Dirección do Igape poderá autorizar un incumprimento parcial cando as súas causas quedasen suficientemente xustificadas e non se desvirtuase a finalidade da subvención.
- b) En caso de que o incumprimento se refira á obtención da subvención por unha contía cuxo importe, illadamente ou en concorrencia con outras

subvencións ou axudas supere os tope máximos legalmente permitidos, procederá o reintegro do exceso obtido sobre os ditos tope máximos.

c) Se o incumprimento derivase da inobservancia dalgunha condición ou suposto distinto dos previstos nos puntos anteriores, o seu alcance será determinado en función do grao e da entidade da condición incumplida.

d) A concorrencia de distintas causas de incumprimento ou incidencias dará lugar á aplicación a cada unha delas das regras previstas neste punto.

e) Procederá declarar a revogación total da axuda cando non se executen a totalidade das medidas recollidas no plan de reestruturación validado polo Igape.

16.6. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados, que disporán dun prazo de quince días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

16.7. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo de quince días sen contestación por parte do beneficiario, o Igape ditará a resolución que proceda, pronunciándose sobre o alcance do incumprimento e, se é o caso, a obriga de reintegro das cantidades percibidas.

16.8. Cando se acredite que o incumprimento non resulta de grande entidade, non desvirtúa a finalidade da axuda, non sexa imputable á empresa beneficiaria ou, quedando suficientemente xustificadas as causas nas se ocasionasen prexuízos a terceiros, o Igape poderá optar por incoar procedemento de modificación do proxecto inicial.

16.9. O prazo máximo para resolver os procedementos sobre incumprimento será de seis meses computados desde o acordo de iniciación. Se pasado o dito prazo non se ditase resolución, entenderase caducado o procedemento sen prexuízo de que se notifique a resolución declarando a caducidade e ordenando o arquivo das actuacións.

16.10. O reintegro voluntario polo interesado, en calquera momento anterior á proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite resolución pola que se declare a dita circunstancia e da iniciación do procedemento sancionador, cando os feitos que motivaron o procedemento de reintegro puidesen ser constitutivos de infracción administrativa.

16.11. Será competencia dos órganos de recadación a xestión recadatoria en período voluntario e en período executivo nos expedientes de reintegro, en virtude do disposto pola Consellería de Economía e Facenda. As contías que se van reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación o previsto nos artigos 19 e 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Base 17ª.-Incompatibilidade.

17.1. As axudas de salvamento e de reestruturación previstas nestas bases serán incompatibles con calquera outra das reguladas polo Igape. Non obstante, cando o plan de reestruturación conteña actuacións dirixidas a recuperar a capacidade competitiva da peme, e unha vez acometido o proceso de reestruturación, o dito plan poderá servir de base para a solicitude de axudas do Igape reguladas nas bases de apoio aos proxectos empresariais de investimento ou de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega.

17.2. Polo demais, estas axudas serán compatibles con calquera outra das establecidas por calquera administración pública, institución ou ente público sempre e cando non se superen, en termos de subvención neta equivalente, os límites máximos de axuda previstos na normativa comunitaria para as empresas en crise (Comunicación 2004/C 244/02).

Base 18ª.-Publicación de concesións.

Trimestralmente, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas ao abeiro das presentes bases para aqueles proxectos que superen os 300.000 euros de gasto subvencionable, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria.

Base 19ª.-Informes.

Para os efectos de configurar unha base de datos autonómica sobre axudas e subvencións públicas, segundo o establecido na disposición adicional terceira do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, o Igape remitiralle á Consellería de Economía e Facenda a información sobre a xestión das axudas establecidas nestas bases.

Para dar cumprimento ás directrices comunitarias vixentes en materia de axudas a empresas en crise, cada plan de reestruturación aprobado polo Igape será comunicado á Comisión Europea.

Base 20ª.-Restricións ao dereito de acceso a arquivos e rexistros.

En virtude do establecido no artigo 37 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, e para a necesaria protección do segredo comercial ou industrial dos solicitantes das axudas reguladas nestas bases, entenderase excluído o dereito de acceso a arquivos e rexistros administrativos respecto do plan de reestruturación empresarial que, se é o caso, forme parte do expediente, así como daqueles outros documentos que polo seu contido deban ter este mesmo tratamento.

Base 21ª.-Control e comprobación das axudas.

Así mesmo, as empresas beneficiarias sométense ás actuacións de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e do Tribunal de Contas, así como as que poida efectuar, se é o caso, a Comisión e o Tribunal

de Contas das Comunidades Europeas, no suposto de cofinanciamento das axudas con fondos europeos. Neste sentido os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos ditos organismos.

Base 22ª.-Interpretación.

22.1. En todo o non disposto polas presentes bases, será de aplicación o disposto para axudas e subvencións na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

22.2. Correspóndelle ao presidente do Igape a facultade de ditar as disposicións necesarias para a aplicación das axudas previstas nestas bases, así como para resolver as dúbidas concretas que se susciten na súa aplicación.

Base 23ª.-Vixencia.

23.1.- As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e terán vixencia indefinida ata que non se publique a súa derogación expresa. Anualmente e unha vez aprobado o seu orzamento, o Igape publicará a reserva de crédito dispoñible con cargo a estas para cada exercicio orzamentario, limitándose a concesión ás dispoñibilidades orzamentarias.

23.2. No caso dos expedientes que non puidesen ser resoltos favorablemente por falta de crédito, e unha vez habilitado no exercicio seguinte, os solicitantes poderán reiterar a súa solicitude, computándose a data da primeira solicitude para os efectos de realización das actuacións subvencionables.

Base 24ª.-Silencio administrativo.

As solicitudes que non fosen resoltas nos prazos que para cada caso se establecen nas presentes bases poderán considerarse desestimadas.

Base 25ª.-Disposición transitoria.

Os expedientes que, á entrada en vigor destas bases, se atopen en tramitación ao abeiro das bases establecidas na Resolución do 13 de xullo de 2001, pola que se fai público o contido das bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica de salvamento e reestruturación de empresas en crise (DOG nº 142, do 23 de xullo), serán reguladas pola normativa vixente á data de presentación da súa solicitude ata a resolución, salvo naqueles aspectos que puidesen entrar en contradición coas directrices comunitarias vixentes á data. Na tramitación posterior rexerá o establecido nestas bases.

Base 26ª.-Disposición derogatoria.

Quedan derogadas as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica de salvamento e reestruturación de empresas en crise (DOG nº 142, do 23 de xullo).

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA



PROCEDEMENTO AXUDAS DE SALVAMENTO E REESTRUTURACIÓN DE EMPRESAS EN CRISE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO EC406D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		DATA DE CONSTITUCIÓN	NIF
ACTIVIDADE		CÓDIGO CNAE	CADRO DE PERSOAL TOTAL
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL			DNI
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE			CÓDIGO POSTAL
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

DECLARA:

- Que a empresa se encontra nunha grave situación financeira reflectida nunha grave crise ou insolvencia técnica que lle impide manterse en funcionamento.
- Que desta situación poden derivarse dificultades ou prexuízos sociais de especial relevancia.
- Que a pesar desta situación, existe a posibilidade de adoptar medidas precisas para superala, unha vez analizadas as causas.
- Que a propia empresa non ten capacidade de adoptar ou obter de terceiros os recursos necesarios.
- Que a empresa está disposta, e se compromete a adoptar as medidas precisas para recuperar a viabilidade a longo prazo.

E SOLICITA: (Utilizar só un formulario para cada solicitude)

- 1.- AXUDAS DE SALVAMENTO. Aval nas condicións e coas finalidades recollidas no anexo II modelo 3.
- 2.- AXUDAS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE REESTRUTURACIÓN.
- 3.- AXUDAS DE REESTRUTURACIÓN:
- Subvención de gastos financeiros de préstamos para reestruturación de pasivos.
 - Subvención de gastos de consultoría ou contratación de persoal especializado.
 - Subvención de gastos financeiros de préstamos a formalizar por socios, destinados á ampliación de capital (deberá presentarse unha instancia por cada socio solicitante).

SOCIEDADE EMISORA DA AMPLIACIÓN

NOME OU RAZÓN SOCIAL			
REPRESENTANTE			
DOMICILIO SOCIAL			TELÉFONO
MUNICIPIO	FAX	PROVINCIA	CIF
CÓDIGO POSTAL	E-MAIL	IAE	CNAE

- Aval en garantía de préstamos para a reestruturación de pasivos

ENTIDADES FINANCEIRAS		
PRAZO (ESPECIFICAR CARENCIA)		
IMPORTE PRÉSTAMO	COBERTURA DO AVAL SOLICITADA	VIXENCIA DO AVAL

Legislación aplicable:

Bases reguladoras das axudas do Igape para os programas de apoio ao salvamento e reestruturación de empresas en crise. Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Igape, e Decreto 132/1995, do 10 de maio, que modifica o anterior.

_____, ____ de _____ de _____
SINATURA E SELO

D./D^a.: _____

O REPRESENTANTE LEGAL

ESPACIO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN

SELO DE REXISTRO DE ENTRADA

Nº. DE EXPEDIENTE

Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante autoriza expresamente o Igape, de acordo co establecido no art. 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo. Poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro sm 15703 Santiago de Compostela.

Presidente do Igape

ANEXO II

AXUDAS DE SALVAMENTO E REESTRUTURACIÓN DE EMPRESAS EN CRISE

- 1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE ASINADA E DEBIDAMENTE CUBERTA, SEGUNDO O MODELO ESTABLECIDO NO ANEXO I.
- 2.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS DO SOLICITANTE.
- 2.1.- CIF
- 2.2.- DNI DO ASINANTE DA SOLICITUDE.
- 2.3.- ESCRITURAS DE CONSTITUCIÓN E DOS ESTATUTOS DEBIDAMENTE INSCRITAS NO REXISTRO COMPETENTE E MODIFICACIÓN POSTERIORES DESTES.
- 2.4.- PODER DO REPRESENTANTE QUE PRESENTA A SOLICITUDE, INSCRITO, SE É O CASO, NO REXISTRO COMPETENTE.
- 2.5.- IMPOSTOS DE SOCIEDADES DOS TRES ÚLTIMOS EXERCICIOS, DILIXENCIADOS NA AXENCIA TRIBUTARIA.
- 2.6.- CERTIFICACIÓN DOS ADMINISTRADORES DA CONDICIÓN DE PEME SEGUNDO MODELO 1 ESTABLECIDO NESTE ANEXO II.
- 2.7.- ALTA NO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.
- 3.- DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS, CUMPRIMENTO DE OBRIGAS FISCAIS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER CONTRAÍDA DÉBEDA NINGUNHA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA XUNTA DE GALICIA, SEGUNDO O MODELO 2 QUE FIGURA NESTE ANEXO II.
- 4.- EN CASO DE AXUDA DE SALVAMENTO.
- 4.1.- CUESTIONARIO – MEMORIA, SEGUNDO O MODELO 3 QUE FIGURA NESTE ANEXO II.
- 4.2.- CONTAS ANUAIS DOS DOUS ÚLTIMOS EXERCICIOS, SENDO IMPRESCINDIBLE QUE CONTEN CUN INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDENTE.
- 4.3.- OFRECIMENTO DE GARANTÍAS PARA CUBRIR O RISCO DA OPERACIÓN: TAXACIÓN ACTUALIZADA DOS INMOBLES OFRECIDOS, EMITIDA POR UNHA SOCIEDADE DE TAXACIÓN HOMOLOGADA POLO BANCO DE ESPAÑA, XUNTO A NOTA SIMPLE DO REXISTRO DA PROPIEDAD. O IMPORTE DA TAXACIÓN, UNHA VEZ DESCONTADAS AS CARGAS PREFERENTES, DEBERÁ SER SUFICIENTE PARA CUBRIR O RISCO QUE TERÁ QUE ASUMIR O IGAPE.
- 4.4.- COMUNICACIÓN POR PARTE DAS ENTIDADES FINANCEIRAS DAS OPERACIÓNS QUE ESTARÍAN DISPOSTAS A CONCEDER CO AVAL DO IGAPE, INDICANDO A FORMA EN QUE GARANTIRÍAN, SE É O CASO, A PARTE DA OPERACIÓN NON AVALADA POLO IGAPE.
- 4.5.- NO CASO DE EMPRESAS EN SITUACIÓN DE PROCEDEMENTO CONCURSAL:
- DOCUMENTACIÓN PRESENTADA PARA EFECTOS DA SOLICITUDE DE PROCEDEMENTO CONCURSAL.
 - DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL, ASINADA POLOS ADMINISTRADORES CONCURSAIS.
- 4.6.- CALQUERA OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE XUSTIFIQUE A GRAVE SITUACIÓN FINANCEIRA OU INSOLVENCIA TÉCNICA QUE LLE IMPIDA MANTERSE EN FUNCIONAMENTO, QUE POIDA DERIVAR EN DIFICULTADES OU PREXUIZOS SOCIAIS DE ESPECIAL RELEVANCIA E QUE, MALIA ESTA SITUACIÓN, EXISTA A POSIBILIDADE DE ADOPTAR MEDIDAS PRECISAS PARA SUPERALA.
- 5.- EN CASO DE AXUDAS DE REESTRUTURACIÓN.
- 5.1.- PLAN DE REESTRUTURACIÓN CONFORME O MODELO 4 QUE FIGURA NESTE ANEXO II.
- 5.2.- PARA A SUBVENCIÓN DE GASTOS FINANCEIROS DE PRÉSTAMOS DE REESTRUTURACIÓN DE PASIVOS:
- 5.2.1.- BORRADOR NEGOCIADO COAS ENTIDADES FINANCEIRAS DAS OPERACIÓNS QUE SE VAN SUBSIDIAR, INCLUÍDO CADRO DE AMORTIZACIÓN, E INDICANDO OS DESTINOS.
- 5.3.- PARA A SUBVENCIÓN DE GASTOS FINANCEIROS DE PRÉSTAMOS QUE SE VAN FORMALIZAR POR SOCIOS DESTINADO Á AMPLIACIÓN DE CAPITAL (DEBERÁ PRESENTARSE UN EXPEDIENTE POR CADA PARTÍCIPE SOLICITANTE):
- 5.3.1.- CERTIFICADO DO SECRETARIO DA XUNTA XERAL DA SOCIEDADE EMISORA CO VISTO E PRAZE DO PRESIDENTE SOBRE O ACORDO DE AMPLIACIÓN DE CAPITAL, DETALLANDO TODAS AS CONDICIÓN DESTA.
- 5.3.2.- RELACIÓN DE SOCIOS OU PARTÍCIPE.
- 5.3.2.- DECLARACIÓN OU BORRADORES NEGOCIADOS DE PÓLIZAS DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS DESTINADAS Á REESTRUTURACIÓN, INCLUÍDO CADRO DE AMORTIZACIÓNS.
- 5.3.4.- POR PARTE DOS PARTÍCIPE, DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS, CUMPRIMENTO DE OBRIGAS FISCAIS E COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER CONTRAÍDA DÉBEDA NINGUNHA, POR NINGÚN CONCEPTO, COA XUNTA DE GALICIA, SEGUNDO O MODELO 2 QUE FIGURA NESTE ANEXO II.
- 5.4.- PARA A SUBVENCIÓN DE GASTOS DE CONSULTORÍA OU CONTRATACIÓN DE PERSOAL ESPECIALIZADO.
- 5.4.1.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE SERVIZOS DE CONSULTORÍA OU DA INCORPORACIÓN DUN XERENTE PROFESIONAL, PARA MELLORAR A CAPACIDADE COMPETITIVA OU PARA DESENVOLVER O PLAN DE REESTRUTURACIÓN.
- 5.4.2.- ESTIMACIÓN DO GASTO POR ESTE CONCEPTO.
- 5.4.3.- MEMORIA-CURRICULUM DA CONSULTORA E/OU PERSOAS A CONTRATAR PARA A IMPLANTACIÓN DAS MEDIDAS RECOLLIDAS NO PLAN.
- 5.5.- PARA AVAL SOBRE PRÉSTAMO DE REESTRUTURACIÓN.
- 5.5.1.- A DOCUMENTACIÓN RELACIONADA NO PUNTO 4 ANTERIOR, A EXCEPCIÓN DO PLAN DE TESOURARÍA SEMANAL.
- 5.5.2.- O PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO QUE SE INCLÚE NO PLAN DE REESTRUTURACIÓN, DEBERÁ SER ELABORADO E ASINADO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE.
- 5.6.- PARA A SUBVENCIÓN DE GASTOS DE ELABORACIÓN DE PLANES DE REESTRUTURACIÓN.
- 5.6.1.- ORZAMENTO DOS CUSTOS EXTERNOS DE ELABORACIÓN DO PLAN DE REESTRUTURACIÓN.
- 5.6.2.- MEMORIA-CURRICULUM DA CONSULTORA OU PERSOAS QUE SE CONTRATARÁ PARA A ELABORACIÓN DO PLAN.

ANEXO II
MODELO 1

CERTIFICACIÓN DA CONDICIÓ DE PEME

D/Dª _____, en calidade de _____,
en nome e representación da sociedade _____, con CIF nº _____ e
domicilio para os efectos de notificación en _____

CERTIFICO,

a) Que a sociedade á que represento foi constituída con data _____, e inscrita no Rexistro Mercantil de _____, folla _____, folio _____, sección _____, libro _____.

b) Que á data de peche do último exercicio:

Ocupou a _____ persoas (incluído, se é o caso, o propietario, administrador ou familiares que traballen na empresa e legalmente incluídos no réxime de autónomos).

O seu volume de negocios foi de _____ € (impostos excluídos).

O importe do balance xeral anual, activo total, foi de _____ €.

c) Que o órgano de administración da sociedade está composto polas persoas e co cargo que se relacionan a continuación:

<i>NOME</i>	<i>CARGO OU REPRESENTACIÓN</i>

d.1) Que o detalle de partícipes na empresa nunha porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

<i>NOME OU RAZÓN SOCIAL</i>	<i>% DE PARTICIPACIÓN</i>

ou, alternativamente, no caso de que non existan accionistas con participación superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto.

d.2) Que non existen accionistas con participación en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto.

e.1) Que o detalle de participaci3ns da empresa noutras sociedades en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

<i>NOME OU RAZÓN SOCIAL</i>	<i>% DE PARTICIPACIÓN</i>

ou, alternativamente, no caso de que a empresa non teña participaci3ns iguais ou superiores ao 25% do seu capital ou dereitos de voto noutras empresas.

e.2) Que a sociedade non mantén participaci3ns en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto noutras empresas.

f) As sociedades que participan e/ou participadas pola solicitante en porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto, deberán emitir certificado axustado a este modelo sobre os puntos b), d) e e).

_____, ____ de _____ de _____

O (o que proceda segundo o cargo ou representaci3n)

Visto e prace o presidente (se é o caso)

Asdo.: _____ Asdo.: _____

*ANEXO II
MODELO 2*

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS, CUMPRIMIENTO DAS OBRIGAS FISCAIS, DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL E COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

D/Dª _____, con DNI nº _____ en nome e representación da entidade _____ con NIF/CIF nº _____,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, para a actuación denominada _____ esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

	<i>ORGANISMO E ANO</i>	<i>IMPORTE (PESETAS/EUROS)</i>	<i>DISPOSICIÓN REGULADORA</i>
<i>AXUDAS CONCEDIDAS</i>	_____ _____ _____	_____ _____ _____	_____ _____ _____
<i>AXUDAS SOLICITADAS</i>	_____ _____ _____	_____ _____ _____	_____ _____ _____
<i>AXUDAS EN RÉXIME DE MÍNIMIS</i>	_____ _____ _____	_____ _____ _____	_____ _____ _____

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data da presente declaración.

Por outra parte,

DECLARA EXPRESAMENTE:

Que a entidad indicada:

- Atópase ao día das súas obrigas fiscais.
- Atópase ao día das súas obrigas no pagamento de cotas da Seguridade Social.
- Non ten contraída débeda ningunha coa Comunidade Autónoma galega.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, ____ de _____ de _____

(Sinatura e selo de la entidade)

ANEXO II
MODELO 3

CUESTIONARIO DE SALVAMENTO

1.- MEMORIA DESCRIPTIVA DA EMPRESA

- 1.1.- Historia resumida da empresa: constitución, ampliacións, cambios na estrutura accionarial, cambios de orientación, actividade actual e perspectivas. Indicar as datas de inicio das distintas actividades desenvolvidas pola empresa.

- 1.2.- Datos rexistrados da empresa: constitución, cambios no capital, domicilio social, capital suscrito, desembolsado, obxecto social, empresas vinculadas, consello de administración, accionariado e equipo directivo.

- 1.3.- Terreo e bens inmobles propiedade da empresa: descrición, localización, superficie, valor catastral e de mercado e datos rexistrados.

- 1.4.- Compras: principais materiais e provedores, condicións de pagamento.

- 1.5.- Ventas: principais produtos e servizos e clientes, especificar áreas xeográficas nas que opera a empresa indicando porcentaxes. Condicións de cobramento.

- 1.6.- Entidades financeiras coas que traballa (especificar entidade e sucursal). Indicar o risco asumido en cada operación liñas de desconto, crédito a longo e a curto, avais, e depósitos, coa descrición das garantías de cada unha.

- 1.7.- Principais debedores e acredores non comerciais, deberán relacionarse os saldos debedores e/ou acredores con socios, administradores e empresas vinculadas.

1.8.- Proceso produtivo: descrición dos procesos produtivos que se desenvolven na empresa.

1.9.- Distribución do persoal por categorías.

<i>ANTES DA REESTRUTURACIÓN (DATA: _____)</i>		
<i>TIPO DE CONTRATO</i>	<i>DESCRICIÓN DO POSTO DE TRABALLO</i>	<i>Nº TRABALLADORES</i>
TOTAL		

1.10.- Relación nominal de representantes dos traballadores.

1.11.- Descrición das causas da situación deficitaria actual.

2. CUANTIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO NECESARIO

2.1.- Descrición das medidas estruturais urxentes que deban aplicarse inmediatamente para deter ou reducir a deterioración da situación, en tanto se elabora o plan de reestruturación. Cuantificación do custo de implantación e impacto económico. Non se poderán incluír reestruturacións financeiras.

2.2.- Plan de tesouraría provisional para os próximos 6 meses, relacionando os cobramentos previstos e pagamentos que resulte imprescindible atender, con detalle mínimo mensual, segundo modelo indicado a continuación:

PLAN DE TESOURERÍA MENSUAL	MES ____	MES + 1 ____	MES + 2 ____	MES + 3 ____	MES + 4 ____	MES + 5 ____
COBRAMENTOS						
Ingresos						
- Ventas de mercadorías						
- Prestación de servizos						
Cobramentos a clientes e debedores pendentes						
Ingresos financeiros						
Subvencións						
Outros cobros (detallar)						
TOTAL COBRAMENTOS						
PAGAMENTOS						
Gastos						
- Compra de mercadorías						
- Traballos realizados por outras empresas						
Servizos externos						
Gastos de persoal						
Gastos financeiros						
Pagamentos a provedores e acredores pendentes						
Devolucións de préstamos, leasing e/ou créditos						
Pagamentos pendentes a administracións públicas						
Outros pagamentos pendentes (detallar)						
TOTAL PAGAMENTOS						
COBRAMENTOS - PAGAMENTOS						
SALDO INICIAL						
NECESIDADES DE TESOURERÍA						

3. CARACTERÍSTICAS DA AXUDA SOLICITADA

3.1.- Operación financeira que se vai avalar

ENTIDADES FINANCEIRAS		
PRAZO (ESPECIFICAR CARENCIA)		
IMPORTE PRÉSTAMO	COBERTURA DO AVAL SOLICITADA	VIXENCIA DO AVAL

3.2.- Descrición das contragarantías ofrecidas, indicando características, datos rexistrados, cargas preferentes, e valoración por sociedade de taxación homologada polo Banco de España. (Deberá achegarse nota simple do Rexistro da Propiedade e informe de taxación):

3.3.- Relación doutros bens inscribibles propiedade da empresa, indicando valoración e situación de cargas:

3.4.- Finalidade do préstamo para o que se solicita o aval:

FINALIDADE / ACREDOR	VENCIMENTO	IMPORTE

ANEXO II
MODELO 4

CONTIDO MÍNIMO DO PLAN DE REESTRUTURACIÓN

Deberán desenvolverse polo menos aos epígrafes, respectando o contido das subepígrafes. O resto da información que o promotor considere relevante pode incluíla en forma de anexos ao documento principal.

1. PRESENTACIÓN DA EMPRESA

Razón social, marcas comerciais, actividade, sede social, forma xurídica, ano de constitución, capital social, accionistas, administradores, instalacións, empresas vinculadas.

2. EVOLUCIÓN ECONÓMICO-FINANXEIRA E DESCRICIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

2.1.- Fitos históricos.

2.2.- Análise da estrutura económico-financeira.

2.2.1.- Análise do balance e conta de resultados, evolución nos tres últimos exercicios e situación actual.

2.2.2.- Análise comparativa da súa estrutura co nivel medio de empresas do sector de similares dimensións. Relacionar empresas do sector.

2.3.- Causas da situación deficitaria actual.

2.4.- Outros aspectos da análise interna: estrutura organizativa, imaxe corporativa, sistemas de información, calidade de servizo, procesos de traballo, tecnoloxía, políticas de MK – MIX (prezo - produto – promoción – distribución), capacidade produtiva, recursos humanos, análise das necesidades financeiras (pagamentos comprometidos en relación cos fondos que se xeran).

2.5.- Análise externa:

- Situación do contorno competitivo.

- Análise competitiva coa competencia. Relacionar os principais competidores.

- Situación do mercado e contorno prevista (produto, tecnoloxía, normativa, mercado, clientes, competidores, etc.).

3. CONCLUSIÓNS, RECOMENDACIÓNS E PRINCIPIOS DO PLAN DE REESTRUTURACIÓN.

3.1.- Resumo matriz DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades).

3.2.- Conclusións e recomendacións.

3.3.- Principios do plan de reestruturación. (O plan deberá recoller a reorganización e racionalización das actividades deficitarias da empresa para facelas máis rendibles, e a conveniencia, se é o caso, da diversificación destas):

- Estratexia de viabilidade comercial.

- Estratexia de viabilidade técnica.

- Estratexia de viabilidade económico-financeira.

4. PLAN DE REESTRUTURACIÓN.

4.1.- Plan operativo: cronogramas, responsables, medios.

4.2.- Plan económico-financeiro para un período mínimo de 5 anos. No caso de solicitude de axudas en forma de garantía, este plan deberá estar elaborado por un auditor independente. Todas as previsións deberán estar apropiadamente sustentadas e descritas, en relación aos datos históricos e á cuantificación do impacto das medidas recollidas no plan de reestruturación.

Deberán utilizarse os seguintes modelos para a presentación das previsións:

ACTIVO	Ano 1	%	Ano 2	%	Ano 3	%	Ano 4	%	Ano 5	%
ACC. POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS										
I. Gastos de establecemento										
II. Inmobilizacións inmateriais										
III. Inmobilizacións materiais										
IV. Inmobilizacións financeiras										
V. Accións propias										
INMOBILIZADO										
GASTOS A DISTRIBUÍR VARIOS EXERC.										
I. Accionistas por desembolsos esixidos										
II. Existencias										
III. Debedores										
IV. Investimentos financeiros temporais										
V. Accións propias a curto prazo										
VI. Tesouraría										
VII. Axustes por periodificación										
ACTIVO CIRCULANTE										
TOTAL ACTIVO		100,0		100,0		100,0		100,0		100,0

PASIVO	Ano 1	%	Ano 2	%	Ano 3	%	Ano 4	%	Ano 5	%
I. Capital subscrito										
II. Prima de emisión										
III. Reserva de revalorización										
IV. Reservas										
V. Resultados de exercicios anteriores										
VI. P e G (Beneficio ou perda)										
VII. Dividendo a cta. entregado no exercicio										
FONDOS PROPIOS										
INGRESOS A DIST. EN VARIOS EJERCICIOS										
PROVISIÓN PARA RISCOS E GASTOS										
I. Emisión de obrigas e outros val. negociables										
II. Débedas con entidades de crédito										
III. Débedas con emp. grupo e asociados										
IV. Outros acredores										
V. Desembolsos pdtes. s/acc. non esixidos										
ACREDORES A LONGO PRAZO										
I. Emisión de obrigas e outros val. negociables										
II. Débedas con entidades de crédito										
III. Débedas con emp. grupo e asociadas										
IV. Acredores comerciais										
V. Outras débedas non comerciais										
VI. Provisión para operacións de tráfico										
VII. Axustes por periodificación										
ACREDORES A CURTO PRAZO										
TOTAL PASIVO		100,0		100,0		100,0		100,0		100,0

ANEXO III

Definición de PEME

Título I

Definición de microempresas, pequenas e medianas empresas adoptada pola comisión

Artigo 1º

Empresa.

Considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas as entidades que exerzan unha actividade artesanal ou outras actividades a título individual ou familiar, as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan unha actividade económica de xeito regular.

Artigo 2º

Os efectivos e límites financeiros que definen as categorías de empresas.

1. A categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (PEME) está constituída polas empresas que ocupan a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de euros.

2. Na categoría das PEME, defínese a unha pequena empresa como unha empresa que ocupa a menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.

3. Na categoría das PEME, defínese a unha microempresa como unha empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.

Artigo 3º

Tipos de empresas considerados para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros.

1. É unha empresa autónoma a que non pode cualificarse nin como empresa asociada para efectos do punto 2, nin como empresa vinculada para efectos do punto 3.

2. Son empresas asociadas todas as empresas ás que non se pode cualificar como empresas vinculadas para efectos do punto 3 e entre as cales existe a relación seguinte: unha empresa (empresa participante) posúe, por si soa ou conxuntamente cunha ou máis empresas vinculadas para efectos da definición do punto 3, o 25% ou máis do capital ou dos dereitos de voto doutra empresa (empresa participada).

Unha empresa pode, non obstante, recibir a cualificación de autónoma, sen empresas asociadas, aínda que se alcance ou se supere o límite máximo do 25%, cando estean presentes as categorías de investidores seguintes, e a condición de que entre estes, individual ou conxuntamente, e a empresa en cuestión non existan os vínculos descritos no punto 3:

a) Sociedades públicas de participación, sociedades de capital risco, persoas físicas ou grupos de persoas físicas que realicen unha actividade regular

de investimento en capital risco (investidores providenciais ou *business angels*) e invistan fondos propios en empresas sen cotización bolsista, sempre e cando o investimento dos devanditos *business angels* na mesma empresa non supere 1.250.000 euros.

b) Universidades ou centros de investigación sen fins lucrativos.

c) Investidores institucionais, incluídos os fondos de desenvolvemento rexional.

d) Autoridades locais autónomas cun orzamento anual de menos de 10 millóns de euros e unha poboación inferior a 5.000 habitantes.

3. Son empresas vinculadas as empresas entre as cales existe algunha das relacións seguintes:

a) Unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios doutra empresa.

b) Unha empresa ten dereito a nomear ou revogar a maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control doutra empresa.

c) Unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado con ela ou dunha cláusula estatutaria da segunda empresa.

d) Unha empresa, accionista ou asociada a outra, controla soa, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios da segunda empresa, a maioría dos dereitos de votos dos seus accionistas.

Hai presunción de que non existe influencia dominante, cando os investidores enunciados no segundo parágrafo do punto 2 non teñan implicación directa ou indirecta na xestión da empresa en cuestión, sen prexuízo dos dereitos que lles correspondan na súa calidade de accionistas ou de asociados.

As empresas que manteñan calquera das relacións recollidas no primeiro parágrafo a través doutra ou outras empresas, ou cos investidores enumerados no punto 2, consideraranse tamén vinculadas.

Consideraranse tamén empresas vinculadas as que manteñan algunha das devanditas relacións a través dunha persoa física ou un grupo de persoas físicas que actúen de común acordo, se as ditas empresas exercen a súa actividade ou parte dela no mesmo mercado de referencia ou en mercados contiguos.

Considerarase mercado contiguo o mercado dun produto ou servizo situado nunha posición inmediatamente anterior ou posterior á do mercado en cuestión.

4. A excepción dos casos citados no segundo parágrafo do punto 2, unha empresa non pode ser considerada como PEME, se o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto, están controlados, directa ou indirectamente, por un ou máis organismos públicos ou colectividade públicas.

5. As empresas poden efectuar unha declaración relativa á súa cualificación como empresa autónoma, asociada ou vinculada, así como os datos relativos aos límites máximos enunciados no artigo 2. Pode efectuarse esta declaración aínda que o capital estea distribuído de tal xeito que non se poida determinar con precisión quen o posúe, se a empresa declara con presunción lexítima e fiable que o 25% ou máis

do seu capital non pertence a outra empresa ou non o detenta conxuntamente con empresas vinculadas entre elas ou a través de persoas físicas ou dun grupo de persoas físicas. Tales declaracións non eximen dos controis e verificacións previstos polas normativas nacionais ou comunitarias.

Artigo 4º

Datos que hai que tomar en conta para calcular os efectivos, os importes financeiros e o período de referencia.

1. Os datos seleccionados para o cálculo do persoal e os importes financeiros son os correspondentes ao último exercicio contable pechado, e calcúlanse sobre unha base anual. Téñense en conta a partir da data en que se pechan as contas. O total de volume de negocios calcularase sen o imposto sobre o valor engadido (IVE) nin tributos indirectos.

2. Cando unha empresa, na data de peche das contas, constate que se excederon nun sentido ou noutro, e sobre unha base anual, os límites máximos de efectivos ou os límites máximos financeiros enunciados no artigo 2, esta circunstancia só lle fará adquirir ou perder a cualidade de media ou pequena empresa, ou de microempresa, se este exceso se produce en dous exercicios consecutivos.

3. En empresas de nova creación que non pecharon aínda as súas contas, utilizaranse datos baseados en estimacións fiables realizadas durante o exercicio financeiro.

Artigo 5º

Os efectivos.

Os efectivos corresponden ao número de unidades de traballo anual (UTA), é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa en cuestión ou por conta da dita empresa a tempo completo durante todo o ano de que se trate. O traballo das persoas que non traballan todo o ano, ou traballan a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou o traballo estacional, cóntanse como fraccións de UTA. Nos efectivos contabilízanse ás categorías seguintes:

a) Asalariados.

b) Persoas que traballan para a empresa, que teñan con ela un vínculo de subordinación e estean asimiladas a asalariados de acordo co dereito nacional.

c) Propietarios que dirixan a súa empresa.

d) Socios que exerzan unha actividade regular na empresa e desfruten de vantaxes financeiras por parte da empresa.

Os aprendices ou alumnos de formación profesional con contrato de aprendizaxe ou formación profesional non se contabilizarán dentro dos efectivos. Non se contabiliza a duración dos permisos de marxenidade ou dos permisos parentais.

Artigo 6º

Determinación dos datos da empresa.

1. No caso de empresas autónomas, os datos, incluídos os efectivos, determinaranse unicamente sobre a base das contas da dita empresa.

2. Os datos, incluídos os efectivos, dunha empresa con empresas asociadas ou vinculadas, determinarase sobre a base das contas e demais datos da empresa, ou ben, se existen, sobre a base das contas

consolidadas da empresa, ou das contas consolidadas nas cales a empresa estea incluída por consolidación.

Aos datos recollidos no primeiro parágrafo débense engadir os datos das posibles empresas asociadas coa empresa en cuestión, situadas en posición inmediatamente anterior ou posterior a esta. A agregación será proporcional á porcentaxe de participación no capital ou nos dereitos de voto (á máis elevada destas dúas porcentaxes). En caso de participacións cruzadas, aplicarase a porcentaxe máis elevada.

Aos datos recollidos no primeiro e segundo parágrafos engadirase o 100% dos datos das empresas que poidan estar directa ou indirectamente vinculadas á empresa en cuestión e que non fosen incluídas nas contas por consolidación.

3. Para aplicar o punto 2, os datos das empresas asociadas coa empresa en cuestión deben proceder das contas, consolidadas se existen, e dos demais datos, aos cales se deberá de engadir o 100% dos datos das empresas vinculadas a estas empresas asociadas, salvo se os seus datos xa se inclúsen por consolidación.

Para aplicar o dito punto 2, os datos das empresas vinculadas á empresa en cuestión deben proceder das súas contas, consolidadas se existen, e dos demais datos. A estes deberanse engadir proporcionalmente os datos das empresas que poidan estar asociadas a estas empresas vinculadas, situadas en posición inmediatamente anterior ou posterior a estas, salvo se se inclúsen xa nas contas consolidadas nunha proporción polo menos equivalente á porcentaxe definida no segundo guión do punto 2.

4. Cando nas contas consolidadas non consten os efectivos dunha empresa dada, calcularase incorporando de xeito proporcional os datos relativos ás empresas coas cales a empresa estea asociada, e engadindo os relativos ás empresas coas que estea vinculada.

Título II Outras disposicións

Artigo 7º

Estatísticas.

A Comisión adoptará as medidas necesarias para adaptar as estatísticas que elabora ás clases seguintes:

a) 0 a 1 persoa.

b) 2 a 9 persoas.

c) 10 a 49 persoas.

d) 50 a 249 persoas.

Artigo 8º

Referencias.

1. Toda normativa ou programa comunitario que sexa modificado ou adaptado e mencione o termo PEME, microempresa, pequena empresa, mediana empresa, ou termos similares deberá referirse á definición que figura na presente recomendación.

2. Con carácter transitorio, os programas comunitarios en vigor que utilizan a definición de PEME recollida na recomendación 96/280/CE continuarán aplicándose en beneficio das empresas que foron consideradas PEME no momento da aprobación dos devanditos programas. Non obstante, os compromisos vinculantes contraídos pola Comisión de acordo cos devanditos programas non quedarán afectados.

Sen prexuízo do primeiro guión, só se poderá modificar a definición de PEME en tales programas se se adopta a definición contida na presente recomendación, de conformidade con punto 1.

Artigo 9º

Revisión.

Sobre a base dun balance relativo á aplicación da definición que figura na presente recomendación, establecido, como máis tarde o 31 de marzo de 2006,

e tomando en consideración eventuais modificacións do artigo 1 da Directiva 83/349/CEE, no referente á definición de empresas vinculadas para efectos da dita directiva, a Comisión adaptará, na medida do posible, a definición que figura na presente recomendación, especialmente os límites establecidos para o volume de negocios e o balance xeral para ter en conta a experiencia e a evolución económica na Unión Europea.

ANEXO IV

SOLICITUDE DE COBRAMENTO

AXUDAS DE REESTRUTURACION DE EMPRESAS EN CRISE

Nº Exp.:

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Titular:		NIF	
Enderezo:		TELÉFONO	
Nome da sociedade emisora da ampliación de capital: (*)			
Resolución individual	Importes subvencionables aprobados (euros)	Subvención concedida	Prazo de xustificación
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/> %	<input type="text"/>

(*) Só no caso de gastos financeiros derivados de achegas de capital en empresas en crise.

D/Dª _____ con DNI nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, titular dun expediente de axudas outorgado polas disposicións arriba mencionadas:

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o _____ e o _____ incorreu en gastos por un importe de _____ euros que comprenden os conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución relacionados a continuación:

- 1.- AXUDA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE REESTRUTURACIÓN.
- 2.- AXUDA PARA GASTOS DE CONSULTORÍA OU CONTRATACIÓN DE PERSOAL ESPECIALIZADO.
- 3.- AXUDA PARA GASTOS FINANCEIROS DE PRÉSTAMOS DE REESTRUTURACIÓN DE PASIVOS.
- 4.- AXUDA PARA GASTOS FINANCEIROS DE PRÉSTAMOS FORMALIZADOS POR SOCIOS DESTINADO Á AMPLIACIÓN DE CAPITAL (DEBERÁ PRESENTARSE UNHA INSTANCIA POR CADA SOCIO SOLICITANTE).

Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de subvención e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento da citada resolución, presenta os seguintes documentos:

A documentación deberase presentar en orixinal ou copia cotexada.

- 1 Certificación bancaria da existencia e número de conta na que vaia a ser ingresada a subvención.
- 2 Certificación de cumprimento das súas obrigas fiscais, expedida cunha antigüidade inferior a 6 meses.
- 3 Certificación de cumprimento coa Seguridade Social, expedida cunha antigüidade inferior a 6 meses.
- 4 Certificación de non ter pendente de pagamento débeda algunha coa Xunta de Galicia, expedida cunha antigüidade inferior a 6 meses.
- 5 Declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas para o mesmo proxecto ás distintas administracións públicas competentes ou ás súas entidades vinculadas ou dependentes, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, incluíndo as resolucións correspondentes, segundo o modelo 2 do anexo II destas bases.
- 6 Documentación xustificativa do gasto .
 - 6.1 En caso de axuda para a elaboración do Plan de reestruturación:
 - 6.1.1 Copia do Plan de reestruturación.
 - 6.1.2 Facturas dos provedores en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a solicitude de axuda e a data límite de execución do proxecto. En caso de solicitar que o importe se aboe á sociedade en crise, xustificante de pagamento das correspondentes facturas.
 - 6.2 En caso de axuda para gastos financeiros de préstamos para reestruturación de pasivos:
 - 6.2.1 Póliza da operación bancaria.
 - 6.2.2 Xustificación de que os fondos do préstamo foron aplicados ás finalidades previstas no Plan de reestruturación. Documentos acreditativos da existencia de débeda e copia da transferencia bancaria ao provedor. En caso de cancelación de débedas bancarias, certificación emitida pola entidade financeira de cancelación de débeda.
 - 6.2.3 Certificación emitida pola entidade financeira relativa aos gastos financeiros aboados ata a data de solicitude. Facturas de honorarios notariais, rexistrais, e gastos de taxación que fosen necesarios para a formalización do préstamo e constitución das garantías, xunto aos correspondentes xustificantes de pagamento.
 - 6.3 En caso de subvención á contratación de persoal:
 - 6.3.1 Contrato laboral
 - 6.3.2 Nóminas
 - 6.3.3 TC1 e TC2 dos meses e dos centros de traballo da empresa do período subvencionable do persoal contratado.
 - 6.3.4 Memoria xustificativa das accións desenvolvidas e resultados, en relación co Plan de reestruturación aprobado.
 - 6.4 En caso de gastos de consultoría para a implantación das medidas previstas no Plan de reestruturación:
 - 6.4.1 Facturas e xustificantes de pagamento dos provedores en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a solicitude de axuda e a data límite de execución do proxecto.
 - 6.4.2 Memoria xustificativa das accións desenvolvidas e resultados, en relación co Plan de reestruturación aprobado.
 - 6.5 En caso de axuda para gastos financeiros de préstamos formalizados por socios destinado á ampliación de capital:
 - 6.5.1 Póliza da operación bancaria.
 - 6.5.2 Xustificación de que os fondos do préstamo foron desembolsados na sociedade e aplicados ás finalidades previstas no Plan de reestruturación.
 - 6.5.3 Certificación emitida pola entidade financeira relativa aos gastos financeiros aboados ata a data da solicitude. Facturas de honorarios notariais, rexistrais e gastos de taxación que fosen necesarios para a formalización do préstamo e constitución das garantías, xunto aos correspondentes xustificantes de pagamento.

- 6.5.4 Escritura pública de subscripción da ampliación de capital ou da toma de participación formalizada dentro do período comprendido entre a solicitude de axuda e a data límite de execución do proxecto.
- 6.5.5 Certificación do órgano de administración da sociedade da composición do capital actual.
- 7 No caso de solicitar pagamento en condicións parciais (só nos casos de axuda para gastos de consultoría ou contratación de persoal especializado): garantía en aval depositada na Caixa Xeral de Depósitos.
- 8 Documentación específica establecida na resolución para acreditar as condicións particulares, se é o caso.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á empresa titular do expediente, de acordo coa xustificación achegada, o importe de _____ euros, ingresándose na conta bancaria ao seu nome aberta, segundo a certificación anexa.

En _____, ____ de _____ de 200__
(Sinatura do representante)

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 26 de decembro de 2005 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba a nova regulamentación das bases reguladoras de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise.

Advertidos erros na referida resolución, publicada no DOG nº 3, do 4 de xaneiro de 2006, procede facer as seguintes correccións:

-Na páxina 225, punto 14.5, onde di: «14.5. No caso de axudas en forma de aval e subvención aos gastos financeiros de préstamos, deberán achegarse xustificantes das disposicións da operación de préstamo e da súa efectiva aplicación ás finalidades recollidas na resolución de concesión, nun prazo máximo de catro meses desde a data de disposición,...», debe dicir: «14.5. No caso de axudas en forma de aval e subvención aos gastos financeiros de préstamos, deberán achegarse xustificantes das disposicións da operación de préstamo e da súa efectiva aplicación ás finalidades recollidas na resolución de concesión, nun prazo máximo de dous meses desde a data de disposición,...».

-Na páxina 225, punto 15.3.c.1), onde di: «c.1) Como liquidación única da subvención. Unha vez finalizado o prazo de vixencia e dentro do prazo

máximo de catro meses, deberá acreditarse a execución da totalidade do plan de reestruturación e o cumprimento total de condicións establecidas na resolución de concesión», debe dicir: «c.1) Como liquidación única da subvención. Unha vez finalizado o prazo de vixencia e dentro do prazo máximo de dous meses, deberá acreditarse a execución da totalidade do plan de reestruturación e o cumprimento total de condicións establecidas na resolución de concesión».

Resolución do 19 de abril de 2006 pola que se modifican as bases reguladoras da concesión por este instituto de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise para adaptalas aos requirimentos da Comisión Europea.

Con data do 29 de novembro de 2005, o Consello de Dirección do Igape tomou o acordo de adaptar as bases reguladoras da concesión polo Igape de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise ás novas directrices comunitarias sobre esta materia, publicadas no *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOC 2004/C 244/02), introducindo algúns cambios e aclaracións motivados por diversos factores, consonte a experiencia acadada coa tramitación de axudas ao abeiro da anterior normativa.

A dita adaptación das bases foi publicada mediante resolución do director xeral do 26 de decembro de 2005 (DOG nº 3, do 4 de xaneiro de 2006).

Tendo en conta que mediante carta do 20 de febreiro a Comisión Europea solicita que se incorporen expresamente ás bases determinadas restricións establecidas nas directrices, non considerando suficiente unha remisión xenérica ao establecido nas directrices, é polo que o Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 30 de marzo de 2006, acorda unha nova adaptación das bases reguladoras, acollendo os puntos expresamente indicados pola comisión.

Polo que antecede, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a seguinte modificación, acordada polo Consello de Dirección do Igape na súa xuntanza do 30 de marzo de 2006, das bases reguladoras da concesión polo Igape de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise, publicadas mediante resolución do director xeral do 26 de decembro de 2005 (DOG nº 3, do 4 de xaneiro de 2006):

1. Engádesse un novo punto 8 á base 2ª:

«2.8. No caso de que anteriormente se concedese a unha empresa en crise unha axuda ilexítima respecto da cal a comisión adoptase unha decisión negativa cunha orde de recuperación e a dita recuperación non se fixese efectiva, na avaliación de calquera axuda de salvamento e de reestruturación que se fose a conceder á mesma empresa, tomarase en consideración o efecto acumulativo de ambas as dúas axudas (a antiga e a nova) e o feito de que a primeira delas non se reembolsase».

2. Engádesse dous novos puntos 6 e 7 á base 5ª:

«5.6. Calquera axuda de salvamento que sexa superior ao resultado da aplicación da fórmula establecida no anexo das directrices comunitarias sobre axudas de salvamento e reestruturación de empresas, publicadas no *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOC 2004/C 244/02), terá que estar debidamente xustificada.

5.7. O importe máximo da axuda combinada concedida a unha única empresa, tanto en concepto

de salvamento como de reestruturación, non poderá superar os 10 millóns de euros, incluída calquera axuda recibida doutras fontes ou conforme a outros réximes».

3. Engádesse o seguinte parágrafo a continuación do punto 2 da base 6ª:

«Toda modificación do plan de reestruturación terá que respectar o establecido nos puntos 52, 53 e 54 das directrices comunitarias sobre axudas de salvamento e reestruturación de empresas, publicadas no *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOC 2004/C 244/02)».

4. Engádesse o seguinte parágrafo a continuación do punto 3 da base 6ª:

«Os beneficiarios da axuda terán que contribuír de xeito significativo ao plan de reestruturación con cargo aos seus propios recursos. A contribución ten que ser real e ascender como mínimo ao 25% do plan para as pequenas empresas e ao 40% cando se trate de medianas empresas».

5. Engádesse un novo punto 5 á base 6ª:

«6.5. As empresas que acaden a condición de medianas, seránlles de aplicación os puntos 38 a 42 das directrices comunitarias sobre axudas de salvamento e reestruturación de empresas, publicadas no *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOC 2004/C 244/02), estando obrigadas a introducir contrapartidas que se atean ás condicións establecidas en tales puntos».

6. Substitúese a base 19ª polo seguinte texto:

«Base 19ª.-Informes.

19.1. Para os efectos de configurar unha base de datos autonómica sobre axudas e subvencións públicas, segundo o establecido na disposición adicional terceira do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, o Igape remitirá á Consellería de Economía e Facenda a información sobre a xestión das axudas establecidas nestas bases.

19.2. Para dar cumprimento ás directrices comunitarias vixentes en materia de axudas a empresas en crise, cada plan de reestruturación aprobado polo Igape será comunicado á Comisión Europea.

19.3. Anualmente informarase á Comisión Europea sobre a aplicación destas bases, incluíndo unha lista de todas as empresas beneficiarias cos seguintes datos:

- a) Nome.
- b) Actividade.
- c) Número de empregados.
- d) Volume de negocios anual.
- e) Importe da axuda concedida.
- f) Importe e forma de contribución do beneficiario.
- g) Cando proceda, forma e grao das contrapartidas.
- h) Se é o caso, os datos relativos ás axudas de reestruturación ou outras axudas que se asimilen a estas, que fosen concedidas anteriormente.

i) Información sobre se o beneficiario foi obxecto de liquidación ou estivo sometido a un procedemento de quebra ou insolvencia, mentres non finalizase o período de reestruturación».

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2006.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

**INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 31 de xullo de 2007 pola que se fai pública a reserva de crédito dispoñible para a concesión de axudas no ano 2007 ao abeiro das bases reguladoras da concesión polo Instituto Galego de Promoción Económica de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise.

Mediante a Resolución do 26 de decembro de 2005 publicouse a nova regulamentación das bases reguladoras de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise. (DOG número 3, do 4 de xaneiro de 2006).

O 26 de decembro de 2006 o Parlamento de Galicia aprobou os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, publicados mediante a Lei 14/2006 (DOG número 249, do 29 de decembro de 2006).

Polo que antecede,

RESOLVO

Único.-Facer pública a reserva de crédito dispoñible para a concesión de axudas no ano 2007, ao abeiro das bases reguladoras da concesión polo Igape de axudas de salvamento e reestruturación de empresas en crise, que será de 500.000 euros que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 02.01. E5/10/02 dos seus orzamentos.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2007.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica